

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social e Xuventude debido a un procedemento de discapacidade

Expediente: G.6.Q/5303/22

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2022

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX, en nome da súa nai XXX.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que a súa nai ten 98 anos. Solicitou a dependencia, foron a valorala a casa (está encamada), e déronlle a puntuación máxima. Tamén solicitou a discapacidade, pero contestaron que tiñan que ver para poder valorala, e que como non tiña seguimento de enfermidades non poden recoñecela. Ten deterioro cognitivo, o que saben polos informes, entre outros o da súa médica de cabeceira. Reclama que lle recoñezan a discapacidade sen ter que ir a Ourense para que a valoren.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu. Indica o seguinte:

*“... En relación coa queixa presentada por XXX, en nome da súa nai XXX, con DNI XXX, sobre o "o curso do expediente de discapacidade, as causas do retraso na valoración, imposibilidade de acudir a Ourense para valorar e medidas adoptadas, previstas ou relevantes, INFORMASE o seguinte:*

*1.- Con data 2/7/21 ten entrada a solicitude e de valoración de discapacidade, xunto cun informe médico do servizo de medicina interna do Hospital do Barco de Valdeorras.*

*2.- En data 7/10/21 realízase valoración do grado de discapacidade, atendendo as patoloxías alegadas no informe de saúde recollido no Anexo II e aos datos clínicos aos que se ten acceso (IANUS) referidas as mesmas...*

*Séguese os criterios do Baremo do Real Decreto 1971/1999 de 23 de decembro, a posterior regulamentación e a Instrución nº 2/2020 da Consellería de Política Social-Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, durante a situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia por COVID 19.*

*A valoración médica indica no seu informe que "non conta coa información suficiente en IANUS respecto dos diagnósticos indicados, e solicita información adicional ou valoración presencial."*

*3.- Na mesma data, a valoración psicolóxica, indica no seu informe que "no informe de condicións da saúde asinado polo médico de atención primaria, consta diagnóstico de deterioro cognitivo, pero tendo en conta que o diagnóstico dunha enfermidade non é un criterio de valoración en si mesmo e non se dispón de datos ou informe que permitan determinar o grao de discapacidade que impón a problemática mental, considérase imprescindible requirir informes que o propicien e/ou recoñecemento presencial."*

*3.- Tendo en conta o anterior, por esta xefatura territorial de Política Social, cítase a XXX para un recoñecemento presencial o día 29/11/2021, a efectuar nas dependencias de valoración da discapacidade desta Xefatura, ... de Ourense cidade.*

*4.- O día 29/11/2021, XXX NON ACUDE O SEU RECOÑECEMENTO PRESENCIAL, nin alega ningunha causa que motive ou xustifique a súa ausencia.*

*5.- Tendo en conta que o expediente leva tempo paralizado por causa do interesado/a, con data 14/3/2022 dítase por esta xefatura resolución de caducidade por incomparecencia á citación.*

*6.- O día 30 de marzo de 2022, ten entrada nesta xefatura escrito de RECLAMACIÓN PREVIA á vía xurisdiccional, xunto cun informe médico sobre "deterioro cognitivo" e un "índice de Barthel" no que, en síntese, alega:*

*-Que no informe médico que xa se xuntaba coa solicitude, se indicaba que non se podía trasladar fóra do domicilio.*

*-Que está encamada desde fai 1 ano.*

*-Que non entende o por que non se pode valorar por historia clínica.*

*-E que achega informe do médico de cabeceira e que non se nega a ser valorada no seu domicilio.*

*7.- A data de hoxe 24/8/2022, esta reclamación atópase pendente de resolución por esta xefatura territorial".*

#### ANÁLISE

1. A consellería confirma que requiriu a valoración presencial polas circunstancias que xa adiantara a queixa.

2. Porén, co fin de impugnar a necesidade de valoración presencial e insistir na necesidade de facela na casa, dado o estado de saúde da persoa afectada e que se atopa encamada, promoveuse unha reclamación previa o 3 de marzo. Porén, a día de hoxe aínda non se resolveu, segundo se informa.

3. A reclamación previa demanda da administración a rectificación da resolución denegatoria en materia de recoñecemento da discapacidade. A administración ten o prazo de 45 día hábiles para resolver, polo que dito prazo xa venceu.

Coa resposta expresa a dita reclamación debera darse resposta tamén a cuestión que tratamos, isto é, se a valoración presencial debe facerse na casa da afectada, como se pide.

3. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade, as que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49).

#### CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social e Xuventude a seguinte recomendación:

*Que con urxencia se resolva sobre a reclamación previa e se notifique o resolto, posto que o prazo xa venceu.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo